

Unidade 10

Unidade 10, exercicio 2, parte A

Entón, vouvos resumir todo o traxecto para que, se tendes algunha dúbida, quede todo claro, vale? Saídes de Compostela ás 6 da mañá; como o voo é curto ides poder pasar o día completo visitando Madrid. O hotel xa está confirmado e... a ver... en total pasades dúas noites na capital, correcto? De Madrid saídes tamén cedo, no tren das 7 da mañá. Co AVE xa veredes, en pouco máis de dúas horas chegades seguro. Para que aproveitades ao máximo tempo posible reservei outras dúas noites alí, como vos parece? Ben, non? Vouvos facer madrugar todas as vacacións, porque o bus Sevilla-Alxeciras sae ás 7:15 e chega ás 9:45. O tempo é xustino, así que non vos entreteñades alí, que o ferri para Tánxer sae ás 11. E ben, o resto da viaxe queda por concretar. Estadades de acordo ata aquí?